

CONSELLO DA CULTURA GALEGA
GALLAECIAE MONUMENTA HISTORICA

1344, decembro, 20. Lugo

456

O deán e o Cabido de Lugo afóranlle a Pedro Afonso e a unha voz o casal de Trigaes, en San Vicente de Deade, e unha viña no lugar de Casa Nova, por renda anual da metade do viño, a terza do pan e 24 soldos o día de San Martiño.

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 44r.

Sabeam quantos esta carta viren commo nos, o dayam, et cabidoo da iglesia de Lugo, avervamos et afforamos a vos, Pedro Affonso de Deade, et a huna pessoa qual vos nomeardes en vida ou a tempo de vossa morte, o noso cassal chamado de Triigaes, que he sub signo de San Viçenço de Deade, con suas herdades, vinas, cassas, et con suas pertenenças et dereyturas, et con a vinna que iaz enno lugar chamado Casa Nova, que fere na seara do bispo, et ias cabo outra de Domingo Ferreyro se esta vinna non esta avervada por carta; a tal pleito et vervo que a lavredes et paredes ben as herdades et vinnas do dito casal, et esta outra vinna sobredita, et mantenedes as cassas del en boo estado, et nos dedes cada anno en salvo a meatade do vinno et a terça do pan que Deus y der, o pan enna eyra et o vinno a a bica do lagar por ollo do home que o por nos ouver a recadar, et viinte et quatro soldos cada anno desta moneda del rey dom Affonso, por dia de San Martino. Et vos et a dita pessoa seerdes vassalos serventes et obedientes a a iglesia de Lugo. Et a a morte da pessoa que por vos for nomeada, commo dito he, o dito casal et vinna fiquen livres et quitos a a iglesia de Lugo con todos los boos paramentos que y foren feytos.

Et eu, o dito Pedro Affonso, por min et por la pessoa que no dito vervo for nomeada, assy reço de vos, o dayam et cabidoo sobredito, o dito cassal et vinna, et obligo meus beens et seus para conprir esto que dito he. Et por que esto seia çerto nos, dayan et cabidoo et Pero Affonso partes sobreditas, rogamos et mandamos a Fernando Peres, notario publico de Lugo, que fesesse ende duas cartas en hun tenor, et possese en [cada] huna delas seu nome et seu signal en testemoyo de verdade.

Feyto foy esto en Lugo XX dias de desenbre, era de mill et tresentos et oyteenta et dous annos.

Testemoyas que foron pressentes: dom Diego Fernandes, dayam; don Alvar Dias, arçidiago de Neyra; Garcia Dias, arçidiago de Sarrea; Arias Pelaes, arçidiago de Deçon; Pero Iacome, iuys; Vasco Dias, Vasco Rodrigues, Iohan [Gomes], coengos de Lugo ts.

Et eu Fernando Peres, sobredito notario publico de Lugo dado pella autoridade do bispo dese lugar, que a esto que sobredito he chamado et rogado presente foy et a rogo das partes sobreditas fis escribir et puge y meu nome et meu signal.